

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Amoeiro

Anuncio

Selección 1 auxiliar administrativo

Posto de traballo: 1 praza de auxiliar administrativo, mediante contrato temporal para obra/servizo determinado por un prazo de cinco meses.

Presentación de solicitudes: no rexistro de entrada do concello de Amoeiro (de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres), ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Prazo de presentación: durante o prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de edictos do concello (se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao seguinte día hábil).

Documentación: instancia dirixida ao alcalde acompañada da documentación acreditativa dos requisitos esixidos e dos méritos que se desexen alegar.

Requisitos e criterios de selección: de acordo coas bases aprobadas a disposición dos/as interesados/as nas oficinas do concello e publicadas na páxina web do concello:

www.amoeiro.gal.

Amoeiro, 18 de xuño de 2018. O alcalde.

Asdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

Anuncio

Selección 1 auxiliar administrativo

Puesto de traballo: 1 plaza de auxiliar administrativo, mediante contrato temporal para obra/servizo determinado por un prazo de cinco meses.

Presentación de solicitudes: en el Registro de entrada del Ayuntamiento de Amoeiro (de 9:00 a 14:00 horas, de lunes a viernes), o bien mediante el procedimiento que regula el artículo 16.4 de la Ley 39/2015.

Plazo de presentación: durante el plazo de cinco días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense y en el tablón de edictos del ayuntamiento (si el último día del plazo coincide día inhábil se entenderá prorrogado al siguiente día hábil).

Documentación: instancia dirigida al alcalde acompañada de la documentación acreditativa de los requisitos exigidos y de los méritos que se deseen alegar.

Requisitos y criterios de selección: de acuerdo con las bases aprobadas a disposición de los/as interesados/as en las oficinas del ayuntamiento y publicadas en la página web del ayuntamiento:

www.amoeiro.gal.

Amoeiro, 18 de junio de 2018. El alcalde.

Fdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

R. 2.027

Beariz

Anuncio

Convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal

1.- Número e denominación dos postos de traballo: unha brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais, composta por un xefe de brigada, un peón condutor e 3 peóns.

2.- Modalidade do contrato: contrato temporal por obra ou servizo determinado a tempo completo.

3.- Duración do contrato: 3 meses.

4.- Sistema de selección: concurso-oposición.

5.- Prazo de presentación de solicitudes: dous días naturais dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

6.- As bases específicas poden consultarse no taboleiro de anuncios do concello de Beariz.

Beariz, 18 de xuño de 2018. O alcalde.

Anuncio

Convocatoria para la contratación de personal laboral temporal

1.- Número y denominación de los puestos de trabajo: una brigada para la prevención y defensa contra incendios forestales, compuesta por un jefe de brigada, un peón conductor y 3 peones.

2.- Modalidad del contrato: contrato temporal por obra o servicio determinado a tiempo completo.

3.- Duración del contrato: 3 meses.

4.- Sistema de selección: concurso-oposición.

5.- Plazo de presentación de solicitudes: dos días naturales desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

6.- Las bases específicas pueden consultarse en el tablón de anuncios de este Ayuntamiento de Beariz.

Beariz, 18 de junio de 2018. El alcalde.

R. 2.033

O Carballiño

Anuncio

Conforme ás bases reguladoras para procesos selectivos e configuración de bolsas de emprego do Concello do Carballiño, aprobadas pola resolución da Concellería delegada de Persoal con data 13 de marzo de 2017, convócanse os postos de traballo ofertados no anexo I que se achega a este anuncio e que en resumen son os seguintes:

N.º postos ofertados; denominación; duración estimada; taxas

Bolsa emprego; docente conservatorio municipal- especialidades: guitarra-violín e frauta traveseira; segundo necesidades; 16,46 €

Do mesmo xeito e tendo en conta as mesmas bases publícase tamén o anexo II correspondente ás baremacións de méritos comúns para todos os procesos.

Os ditos anexos aprobáronse mediante resolución da concellería delegada de persoal de data 12 de xuño de 2018 xunto cunha redución do prazo de presentación de instancias pola urxencia dos procedementos e que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do concello ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE 02.10.2015).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para que sexan seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. E de presentarse nun rexistro distinto do Rexistro Xeral municipal será obrigado comunicar por fax ao concello a presentación de dita instancia, así como a xustificación, de ser o



caso, do pagamento das taxas efectuado e sempre dentro do prazo de presentación de solicitudes.

No referente ás taxas e as bonificacións relativas ás mesmas estarase no disposto na Ordenanza reguladora da taxa por dereitos de exame do Concello do Carballiño publicada no BOP n.º 298, do 30 de decembro de 2017.

O resto da información pode consultarse no taboleiro de anuncios e/o una páxina web municipal www.carballino.gal

O Carballiño, 12 de xuño de 2018. O concelleiro.
Asdo.: Adolfo Nogueira Campo.

Anexo I

Postos de traballo ofertados

1. Docente Conservatorio Municipal-Especialidade de Guitarra (bolsa de emprego), grupo A2

1.1. Requisitos para o desempeño do posto

Ademais dos requisitos xerais sinalados na base décimo primeira, os aspirantes a este posto deberán estar en posesión da titulación de: título universitario de grao LOE na especialidade, título superior da especialidade (LOGSE) o título profesional de Grao Medio (Plan -66) o superior en Guitarra ou similares ou equivalentes.

1.2. Centro de traballo

Dependencias do Conservatorio e Escola Municipal de Música do concello e instalacións dependentes.

1.3. Exercicios da fase de oposición

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito 50 preguntas tipo test con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo máximo de realización da proba será de unha hora (60) minutos. Puntuarase 0,20 puntos por cada pregunta acertada. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos. Por cada catro respostas erróneas descontarase unha correcta ou no seu caso, a parte proporcional. As respostas en branco non se terán en conta.

Segundo exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun caso práctico proposto polo tribunal relacionado co contido do programa (audición, defensa dunha unidade didáctica...), no tempo que determine o tribunal. Con unha puntuación máxima de 10 puntos.

1.4. Programa

Materias comúns

1. A Constitución española de 1978. Título I “Dos dereitos e deberes fundamentais”.

2. O municipio. O termo municipal.

3. A organización municipal. Órganos unipersonais e órganos colexiados.

Materias específicas

Tema 1. Historia xeral da guitarra: orixes e antecedentes. Evolución histórica desde as súas orixes ata os nosos días. Diferentes escolas de construción.

Tema 2. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio para laúde no Barroco. Tablaturas, criterios de transcripción. A obra para laúde de J.S. Bach.

Tema 3. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio de guitarra clásico romántico I: a escola española.

Tema 4. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio de guitarra clásico romántico II: escolas non españolas.

Tema 5. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio de guitarra da primeira metade do século XX. A influencia de A. Segovia.

Tema 6. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio de guitarra desde a segunda metade do século XX ata os nosos días. Novos recursos compositivos, formais, interpretativos e de notación.

Tema 7. A transcripción: Conceptos xerais, antecedentes históricos e criterios sobre a interpretación de transcrições. Transcripcións do repertorio doutros instrumentos e de diferentes agrupacións instrumentais.

Tema 8. Principios de improvisación no instrumento: recursos, materiais e melodías. A improvisación dirixida ou libre. Uso de novas linguaxes e notacións na improvisación.

Tema 9. A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo. Memoria sensorial. Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman o estudo do instrumento. Técnicas de memorización.

Tema 10. A música como patrimonio histórico artístico cultural. A relación da música coas correntes estéticas e coas demais artes. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.

As preguntas sobre materias comúns non poderán representar máis do 10% das totais.

2. Docente Conservatorio Municipal-Especialidade de Violín (bolsa de emprego), grupo A2

1.1. Requisitos para o desempeño do posto

Ademais dos requisitos xerais sinalados na base décimo primeira, os aspirantes a este posto deberán estar en posesión da titulación de: título universitario de grao LOE na especialidade, título superior da especialidade (LOGSE) o título profesional de grao medio (Plan -66) o superior en Violín ou similares ou equivalentes.

1.2. Centro de traballo

Dependencias do Conservatorio e Escola Municipal de Música do concello e instalacións dependentes.

1.3. Exercicios da fase de oposición

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito 50 preguntas tipo test con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo máximo de realización da proba será de unha hora (60) minutos. Puntuarase 0,20 puntos por cada pregunta acertada. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos. Por cada catro respostas erróneas descontarase unha correcta ou no seu caso, a parte proporcional. As respostas en branco non se terán en conta.

Segundo exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun caso práctico proposto polo tribunal relacionado co contido do programa (audición, defensa dunha unidade didáctica...), no tempo que determine o tribunal. Cunha puntuación máxima de 10 puntos.

1.4. Programa

Materias comúns

1. A Constitución española de 1978. Título I “Dos dereitos e deberes fundamentais”.

2. O municipio. O termo municipal.

3. A organización municipal. Órganos unipersonais e órganos colexiados.

Materias específicas

Tema 1. Historia xeral do violín: orixes, antecedentes e evolución histórica desde finais do século XVI ata a actualidade.

Tema 2. Características, referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental, do repertorio para violín do Barroco: